



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2019

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO CONTADORES NO 2019

Coma cada ano, no mes de xaneiro o Colexio de Avogados remite aos xulgados e tribunais unha lista actualizada con todos os Colexiados dispostos a actuar como perito-contador (artigos 341.1 e 784.3 da LAC).

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 23.01.2019 (14.00 h)** para que os Colexiados **que non estean incluídos nestas listas do ano anterior** poidan solicitar a súa incorporación.

Os requisitos para poder acceder a estas listas son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente e residente do ICA de Santiago.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.

Elaborarase unha lista por cada partido xudicial (Santiago, Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón). Os letrados **só poderán incorporarse á lista do partido correspondente ao seu domicilio profesional**.

As solicitudes deberán presentarse por escrito na secretaría do Colexio antes do 23.01.2019, ás 14.00 h (correo electrónico, fax ou correo postal).

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión do 08.01.2019, a nova lista que se remita aos xulgados **será ordenada a partir dun sorteo** que se levará a cabo na secretaría do Colexio, e non por orde alfabética como se viña facendo. No artigo 341.1 da LAC establécese que “a primeira designación de cada lista efectuarase por sorteo [...] e a partir dela efectuaranse as seguintes designacións por orde correlativa”.

2. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO: 22.02.2019

A Xunta de Goberno, na sesión do día 08.01.2019, acordou fixar como data para **a celebración do noso patrón o día 22.02.2019**. Nas próximas circulares achegarase a programación de actos, así como as persoas que este ano serán galardoadas coas medallas do noso Colexio.

3. COMISIÓN PARA O ESTUDO DO DEREITO CIVIL DE GALICIA

O Consello da Avogacía Galega solicita a designación dunha persoa en representación do Colexio para formar parte dunha comisión dentro do Consello para o estudo do Dereito Civil de Galicia. A comisión encargarase, entre outras cousas, de pulsar a opinión da avogacía galega acerca da reforma do dereito civil especial e de promover o seu coñecemento mediante a edición dunhas xornadas.

O Colexio abre un prazo de 2 días para que os Colexiados interesados en formar parte da devandita comisión presenten as súas solicitudes na secretaría do Colexio.

4. CONGRESO MUNDIAL DO DEREITO

A Asociación Mundial de Xuristas (World Jurist Association, WJA) anunciou o seu XXVI Congreso Bienal Mundial de Dereito, que se levará a cabo en Madrid os días 18, 19 e 20 de febreiro de 2019. Terá lugar no Teatro Real e versará sobre “Globalidade e retos actuais da democracia”.



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2019

Os colexiados e colexiadas interesadas contarán cun desconto do 50 % sobre as tarifas xerais do congreso.

Máis información e inscrición en: http://worldlawcongress.com/en/home_en/#congreso

5. RECORDATORIO: DISPOÑIBLE A NOVA BASE DE DATOS DE ARANZADI NA WEB COLEXIAL

O Colexio, seguindo a liña emprendida de incorporar novos servizos e recursos de interese para os nosos colexiados, contratou coa editora Thomson Reuters de Aranzadi un portal de contidos xurídicos para a páxina web (www.icasantiago.org), que xa está ao dispor de todos os colexiados de forma totalmente gratuíta. O acceso a este novo portal pode facerse dende a sección “Bases de datos / Biblioteca online” > “Base de datos Thomson Reuters – Aranzadi”.

Este novo recurso contén:

- Base de datos de xurisprudencia e lexislación
- Biblioteca dixital (códigos)
- Área de formación, e-Learning (3 cursos gratuítos ao ano para cada colexiado)

Importante

Ao acceder por primeira vez, será necesario rexistrarse creando un usuario a partir dunha conta de correo electrónico persoal e un contrasinal. Desta forma habilitarase un acceso único e individual a todas as funcionalidades do portal, o que permitirá sincronizar os rexistros de cada usuario e gardar o seu historial de sesións (buscas habituais, cursos realizados etc.).

Como rexistrarse

1. Entrar na zona de colexiados da páxina web www.icasantiago.org e validar o usuario introducindo o número de colexiado/a e o DNI (sen puntos nin letra).
2. Acceder á sección “Bases de datos / Biblioteca online” e despois a “Base de datos Thomson Reuters – Aranzadi”.
3. Dar de alta un usuario no apartado “Alta en servizo” (só necesario a primeira vez), introducindo un correo electrónico particular e os datos requiridos no formulario (nome e apelidos, correo electrónico e teléfono).
4. Crear un perfil de usuario (nome e apelidos, correo electrónico).
5. Configurar o perfil de seguridade.
6. Por último, recibirase na conta de correo facilitada unha mensaxe de benvida ao portal e **outra na que haberá que confirmar a activación** da conta (picando na opción de activar).

Coa contratación desta nova base de datos, o Colexio pon á disposición de todos os colexiados e de forma totalmente gratuíta un repertorio coas bases de datos xurídicas máis completas e demandadas do mercado: **Tirant Online**, **La Ley**, **Biblioteca online de Sepín** e **Thomson Reuters de Aranzadi**.